



## **NOTA ACLARATORIA HORARIO DE VERÁN 2024 APLICABLE O PERSOAL FUNCIONARIO EN PRÁCTICAS.**

### **Horario oficial:**

Do 16 de xuño ata o 15 de setembro deberán realizarse 6 horas diarias continuadas de traballo entre as 8:00 e as 15:00 horas. O cálculo do cumprimento da xornada laboral será en cómputo diario.

### **Aplicación horario verán 2024:**

Este horario tamén será aplicable a aquel persoal funcionario en prácticas nomeado segundo a Resolución do 16 de maio de 2024 pola que se procede ao nomeamento como persoal funcionario en prácticas do corpo auxiliar da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo C2, das persoas aspirantes que superaron a fase de oposición do proceso selectivo convocado pola Resolución do 22 de xuño de 2022 (Diario Oficial de Galicia número 121, do 27 de xuño).

